

CRUCEIRO. 6ª PARTE. GRECIA.

1.- ¿En que cidade estamos?

En Atenas.

2.- Escribe os límites xeográficos de Grecia.

Ao Norte-Albania, Macedonia, Bulgaria

Ao Sur- Mar Mediterráneo

Ao Leste-Mar Egeo e Turquía

Ao Oeste- Mar Jónico



Acrópolis



Partenón



Museo da Acrópolis



Templo de Zeus Olímpico



O Odeón de Herodes Ático

-Que significa a palabra Acrópolis?

Este término se refiere a una ciudad construida en lo más alto.

Neste caso a Acrópolis de Atenas coñécese tamén co nome de "Rocha sagrada" e está construída a 156 metros de altura.

-Busca algún dato sobre o Partenón de Atenas.

...Foi o templo máis grande da súa época. (século V a.C.). Tardaron 15 anos en construílo e o material utilizado é o mármore branco.

Posuía 70 metros de longo x 30 metros de largo e estaba sostido por 50 columnas.

Estaba adicado á deusa Atenea, e por iso no seu interior había unha inmensa estatua de ouro e marfil desta deusa, que medía 12 metros de altura e foi obra dun famoso escultor grego daquela época chamado Fidias.

.....

-De que época é o Museo da Acrópolis? Que podemos atopar nel?

O seu estilo arquitectónico moderno contrasta co clasicismo do seu entorno.

Este é un museo arqueolóxico da Idade Contemporánea, e no seu interior acolle máis de 4000 pezas pertencentes á cultura grega. Moitas desas pezas foron levadas das excavacións realizadas na Acrópolis que está a poucos metros, e algunhas teñen unha antigüidade de 2500 anos.

Foi inaugurado no ano 2009.

-Aínda que está bastante deteriorado, o Templo de Zeus foi, na Antigüidade, o máis grande do mundo. Averigua cantas columnas tiña , as súas dimensións, e o tempo que tardaron en rematalo.

O seu tamaño era impresionante. Tiña 104 columnas. As súas dimensións eran 180 metros de lonxitude e 40 metros de anchura.

Tardou sete séculos en rematarse.

-Que uso pensas que tiña o Odeón de Herodes Ático?

Este sorprendente edificio foi construído no ano 161 d.C para a celebración de audicións musicais.

3.- Como podes apreciar no mapa hai milleiros de illas que pertencen a Grecia. Cal é a illa de maior tamaño?

Lembras que lugar ocupa esta illa na lista das máis grandes do Mediterráneo?

A illa de maior tamaño é Creta. Ocupa o quinto lugar na lista das illas do Mediterráneo.

4.- Grecia é o segundo país europeo que ten máis extensión de costa. Saberías dicir cal é país europeo que ocupa o primeiro posto?

Grecia ten uns 15000 km de costa. O país europeo que está en primeiro lugar en canto a extensión costeira é Noruega.

5.- A maior parte do seu territorio continental son cadeas montañosas. Razoa a importancia do mar na vida dos gregos ao longo de toda a súa historia.

As zonas interiores quedaban illadas por numerosas cadeas montañosas que forman o seu relevo e dificultaban o acceso. Por iso, o mar era esencial para a economía pois a actividade principal era a pesca e tamén adquiriu gran importancia o comercio marítimo por estar nunha excelente situación .

6.-Eran politeístas. Sabes o que quere dicir esta palabra?

A palabra "politeísta" quere dicir que cre na existencia de moitos deuses.

Na Antiga Grecia crían en moitos deuses. Aínda que para eles eran inmortais, adxudicábanlles comportamentos e actitudes parecidas ás dos humanos.

7.- O monte de maior altura de Grecia é O MONTE OLIMPO (2918 metros)


8.- Que crenza tiñan os antigos gregos sobre esta montaña?

Os gregos crían que os deuses habitaban neste monte e alí decidían a vida de todos os humanos.

O poeta Homera chamaba a este monte "A morada dos deuses".

9.- Curiosamente a montaña máis alta do Sistema Solar tamén recibe este nome. Sabes onde está?

Atópase no planeta Marte. O Monte Olimpo de Marte é o cráter dun volcán e ten unha altura de case 23 km sobre o terreo chá que o rodea. Isto é inimaxinable para nós, verdade? Tede en conta que a montaña máis alta da Terra é o Everest e ten 8 848 metros. O Monte Olimpo de Marte é case o triplo!!!



9.- Investiga e asocia cada nome do deus grego coa súa característica.

Artemisa - Apolo - Ares- Afrodita - Zeus - Poseidón - Atenea

-O pai de todos os deuses. Pai do heroe grego Hércules. ZEUS

-Deusa da fertilidade, do amor e da beleza. AFRODITA

-Deus do mar, terremotos, treboadas e cabalos. POSEIDÓN

-Deusa da sabiduría. ATENEA

-Deusa dos bosques, da caza e dos animais. ARTEMISA

-Deus da guerra. ARES

-Deus da música e da poesía. APOLO

7.- Lembra que hai pouco comentamos que os gregos foron unha das civilizacións antigas máis importantes da historia, dende o ano 1000 a.C.

Estableceron as bases dun réxime de goberno do que gozamos na actualidade e propugnaba a liberdade, a igualdade de dereitos e a igualdade ante as leis. A que nos estamos referindo?

Á DEMOCRACIA.

7.- (bis) Na Grecia Antiga naceron grandes matemáticos, filósofos, médicos, astrónomos, escritores que realizaron grandes aportacións. Cando falamos de calquer tema de ciencias, matemáticas,... saen personaxes da antiga Grecia.

Algúns exemplos son:

Arquímedes - Alejandro Magno - Aristóteles - Homero - Platón - Pitágoras - Herodoto - Mirón

RELACIONA cada personaxe co que lle corresponda.

- Foi considerado o maior estratega de todos os tempos. Conquistou o maior imperio da antigüidade. (356 a.C. - 323 a.C) **ALEJANDRO MAGNO**
- Considérase o pai da Historia. Recopilou material nas súas viaxes polo mundo antigo. **HERODOTO**
- Foi un dos maiores escultores da Grecia antiga. Esculpía deuses, héroes, atletas e animais. **MIRÓN**

Unha obra moi coñecida é o "Discobolo" (lanzador de disco)

- Poeta do século IX a. C. Atribúenselle dous poemas moi famosos: "A Ilíada" e "A Odisea". **HOMERO**
- Foi un gran matemático. **PITÁGORAS**
- Son grandes filósofos da Historia. **ARISTÓTELES E PLATÓN**

• Matemático, astrónomo e inventor. Elaborou a lei da panca (dixo "Dame un punto de apoio y moveré el mundo"), o principio da Hidrostática (todo corpo sumerxido nun fluído experimenta un empuxe cara arriba igual ca o peso do fluído desaloxado), e tamén descubriu o valor do número Pi (3,1416).

ARQUÍMEDES

8.- Coñeces o alfabeto grego? Tanto este alfabeto coma os números seguen sendo utilizados sobre todo na ciencia, nas matemáticas e na tecnoloxía.

Averigua como se chaman as cinco primeiras letras do alfabeto grego:

Alpha, Betta, Gamma, Delta, Epsilon

Aquí tedes o abecedario grego:



Os restos arqueolóxicos da cidade de **OLIMPIA**



9.- Sabes por que se coñece esta cidade?

Porque nesta cidade comezaron os Xogos Olímpicos hai case 3000 anos.

Os primeiros Xogos Olímpicos da historia tiveron lugar no ano 776 a.C. nesta cidade, Olimpia, por iso se chaman así.

Duraban cinco días e consistían en carreiras de carros, lanzamento de disco e xabalina, carreiras, loita,.... Eran unha celebración adicada aos deuses , en particular a Zeus.

Estes xogos simbolizaban a unidade de todos os gregos. No século XIX comezaron as excavacións para desenterrar os restos desta cidade abandonada e soterrada.

10.- Onde está situada?

Está situada na península do Peloponeso ao Sur de Grecia.



11.- Que sucede aquí en Olimpia cada catro anos?

Como cada catro anos se celebran os Xogos Olímpicos, o ritual comeza aquí en Olimpia co acendido do facho olímpico co lume como se facía na antigüidade. Despois un atleta comeza o percorrido da viaxe que levará o facho ao lugar onde se celebren nesa ocasión.

12.- Lugares de gran beleza que nos encantarán:

Asocia cada imaxe co seu texto.



Santorini



Mikonos



Delfos



Meteora

-Aquí atopamos un templo adicado ao dios Apolo. Este lugar é Patrimonio da Humanidade. Ten unhas vistas espectaculares. DELFOS

- Podemos chegar en ferry dende O Pireo. Un plan sería subir á parte alta da cidade para ver os Muíños de Vento polo serán. MIKONOS

-Dende O Pireo tamén collemos o ferry para ir a este lugar. É unha das illas máis bonitas. Ten forma de media lúa. Destacan os grandes acantilados, as fachadas brancas e as portas e ventás azuis. SANTORINI

-É un val con formacións de pedra nos que se construíron monasterios hai moitos séculos. É patrimonio da Humanidade. METEORA